

ACORDO DA COAP DE 20 DE XANEIRO DE 2020 SOBRE A MOBILIDADE ENTRE CAMPUS DE PERSOAL DOCENTE E INVESTIGADOR CON VINCULACIÓN PERMANENTE (RR 09/01/2020)

No Consello de Goberno de 20 de decembro de 2019 apróbase o acordo de mobilidade entre campus do persoal docente e investigador con vinculación permanente á Universidade de Vigo, onde se establece que con carácter previo á creación dunha nova praza con vinculación permanente nun determinado campus correspondente á reserva do 15% das ofertas de emprego público reservadas a persoal investigador doutor que finalizara o programa “Ramón y Cajal” e acadara a certificación I3, o persoal docente e investigador con vinculación permanente pertencente a esa área de coñecemento, poderá solicitar o cambio de adscrición de campus ao xerado pola praza a crear.

En aplicación deste acordo, o 9 de xaneiro de 2020, mediante Resolución Reitoral, publícase a convocatoria de mobilidade entre campus de persoal docente e investigador con vinculación permanente á Universidade de Vigo pertencente ás áreas de coñecemento seleccionadas no Consello de Goberno de 20 de decembro de 2019.

Unha vez finalizado o prazo de presentación de solicitudes, a COAP, na sesión do 20 de decembro de 2020, toma o seguinte **ACORDO**:

1. Aprobar o cambio de adscrición de campus ás persoas relacionadas no anexo I.
2. Publicar a relación dos códigos e áreas de coñecemento das 5 prazas correspondentes á reserva do 15% das OEP 18 e OEP 19 para persoal investigador doutor que finalizara o programa “Ramón y Cajal” e acadara a certificación I3 (CG 20/12/19) cos campus definitivos.

Contra este acordo, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer recurso perante a xurisdición contencioso administrativa, no prazo de dous meses contados dende o día seguinte á súa publicación (ou dende o día seguinte ao recibimento da súa notificación), de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso administrativa.

As persoas interesadas poderán optar por interpoñer contra este acordo recurso de reposición, no prazo dun mes contados a partir do día seguinte á publicación da presente resolución (ou dende o día seguinte ao recibo desta notificación), perante o mesmo órgano que a ditou. Neste caso non se poderá interpoñer un recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente ou se producira a desestimación presunta do recurso de reposición interposto, segundo o previsto no artigo 123.2 da lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas

Vigo, 20 de xaneiro de 2020
O presidente da COAP

Manuel Ramos Cabrer



ANEXO I

Concesión de cambio de campus segundo o acordo de mobilidade entre campus de persoal docente e investigador con vinculación permanente á Universidade de Vigo (CG 20/12/19)

APELIDOS	NOME	ÁREA		COD. PRAZA QUE XERA O CAMBIO	CAMPUS
ÁLVAREZ FERNÁNDEZ	MARÍA INÉS	398	FÍSICA DA TERRA	TU1901-T08-398-TU-TC-01. Perfil: G261916 Climatoloxía física	OURENSE
NIETO FAZA	OLALLA	765	QUÍMICA ORGÁNICA	TU1901-C12-765-TU-TC-01. Perfil: Materias da área	VIGO



ANEXO II

Relación dos códigos e áreas de coñecemento das 5 prazas correspondentes á reserva do 15% das OEP 18 e OEP 19 para persoal investigador doutor que finalizara o programa “Ramón y Cajal” e acadara a certificación I3 (CG 20/12/19) cos campus definitivos

COD. PRAZA	CATEGORÍA	ÁREA	DPTO.	CENTRO	CAMPUS
CD1901-T04-555-CD-TC-01. Perfil: G650924 Modelaxe de procesos biotecnolóxicos	PCD	ENXEÑARÍA QUÍMICA (555)	ENXEÑARÍA QUÍMICA (T04)	312	VIGO
CD1901-C02-412-CD-TC-01. Perfil: G030603 Fisioloxía Vexetal II e G030801 Redacción e Execución de Proxectos	PCD	FISIOLOXÍA VEXETAL (412)	BIOLOXÍA VEXETAL E CIENCIAS DO SOLO (C02)	302	VIGO
TU1901-T08-398-TU-TC-01. Perfil: G261916 Climatoloxía física	PTU	FÍSICA DA TERRA (398)	FÍSICA APLICADA (T08)	101	VIGO
TU1901-T08-398-TU-TC-02. Perfil: G261504 Modelización e simulación ambiental	PTU	FÍSICA DA TERRA (398)	FÍSICA APLICADA (T08)	107	OURENSE
TU1901-C12-765-TU-TC-01. Perfil: Materias da área	PTU	QUÍMICA ORGÁNICA (765)	QUÍMICA ORGÁNICA (C12)	311	OURENSE

